

Intervención do Presidente da Xunta

ENTREGA MEDALLA DE GALICIA Á ONCE

A Coruña, 10 de outubro de 2013

Señor presidente da ONCE,
Señor director xeral:

Como todos saben, este é un acto normal que se celebra en circunstancias excepcionais.

Normal porque cada ano Galicia distingue as manifestacións máis sublimes da galeguidade.

Excepcional, dado que a traxedia de Angrois obrigou a trasladar a data de entrega de distincións, facéndoa de maneira máis íntima e recollida.

Lamento por unha banda que esta cita que hoxe nos congrega aquí, non teña a solemnidade dun 25 de Xullo, pero tamén entendo que eses feitos lutosos ocorridos en Compostela nos serven para resaltar unha das facetas máis salientables da nosa cidadanía.

Despois do terrible accidente ferroviario falouse do espírito de Angrois. Galicia, España e o mundo enteiro asistiron emocionados á resposta duns veciños convertidos en auténticos anxos da garda das vítimas e feridos. Non estaban preparados para facer o que fixeron, nin ninguén lles ordenou que o fixeran. Todos eles sabían que existían riscos e perigos, pero todos sentiron unha forza interior que os levou a socorrer aos accidentados.

Pero, ¿non é xa un lugar común referirse a unha sociedade egoísta, insolidaria e xorda diante da dor allea? ¿Non se nos di de forma teimuda que o cidadán moderno perdeu a súa conciencia colectiva, e se rexe polo propio beneficio?

Naqueles momentos transcendentais, diante da fatídica curva, todas esas teorías nefastas sobre o home moderno derrubáronse para facer a súa aparición virtudes que considerabamos esquecidas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A reacción de admiración que percorreu o mundo enteiro, debeuse en gran medida ao reencontro co mellor de nós mesmos. Homes e mulleres dos recunchos máis afastados do planeta, sen distinción de ideoloxías ou crenzas, sentíronse representados polos homes e mulleres de Angrois. Nós podemos ser como eles, pensaron. Angrois foi o mundo, e o mundo foi Angrois.

Esas virtudes, en efecto, nunca desapareceran. Nunca desapareceran porque hai institucións que teiman en cultivalas, en facer que medren, en conseguir que se estendan a toda a sociedade.

Velaí o gran mérito da ONCE neses 75 anos de existencia que este ano se conmemoran. Hai un labor interno que atinxe ás persoas con discapacidade que se benefician das accións e programas da organización. A ONCE fíxoas capaces, dignas, aptas para desenvolverse e acadar unha realización persoal impensable noutros tempos.

Xunto a esta consecuencia directa dos vosos esforzos, hai outra indirecta pero non por iso menos relevante. Refírome á percepción social da discapacidade, que pasa de basearse na pena, a estar asentada na admiración.

Cada persoa con discapacidade que se volve capaz de moitas cousas convértese en exemplo.

Cada persoa con discapacidade que acada autonomía, que se incorpora a un posto de traballo, que inicia un proxecto de vida, estalle dicindo ao resto da sociedade que a vontade é a maior forza que existe no mundo.

Dicía o pensador Stuart Mill que *como forza social, un individuo cunha idea, vale por noventa e nove cun só interese*. Aquí houbo unha gran idea e, ao redor dela, non un individuo, nin noventa e nove, senón miles participando dela, enriquecéndoa, estendéndoa. Tamén a Xunta tenta facelo na medida das súas posibilidades, con logros importantes como un Plan para as Persoas con Discapacidade ou coa futura Lei de Accesibilidade.

Hai tamén un espírito da ONCE que durante estes anos de frutífera xestión contribuíu a modelar a sociedade galega.

¿Por qué houbo dende sempre unha comuñón tan especial entre Galicia e a ONCE? ¿Por qué, dende os seus inicios, a organización se considerou algo noso? Porque existen uns valores compartidos que están inscrito no ADN dos galegos e nos principios fundacionais da vosa institución.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Somos un país que resistiu penurias e superou dificultades grazas á solidariedade. Galicia é unha comunidade peculiar que non sobreviviu ao tempo por ter vencido en grandes batallas, nin por posuír grandes imperios ou colonias, senón polos fortes lazos de unión entre os seus habitantes.

Ningún galego foi nunca alleo a outro galego. Cada galego sempre se considerou parte dun todo e, polo tanto, corresponsable do conxunto da sociedade. É así como Galicia medrou, e é así como Galicia está superando estes momentos duros.

Entendo que a filosofía coa que nace a ONCE é moi semellante. Unir para ser máis fortes. Rexeitar a resignación. Rescatar as potencialidades que todos temos. Galicia é unha parte natural da ONCE, e a ONCE unha parte substancial de Galicia.

Ao longo da historia, téñense estipulado diferentes requisitos para que un territorio poida ser considerado unha auténtica comunidade. Lingua, cultura, pasado común, xeografía.

Penso que nestes tempos, porén, o principal factor que fai que un grupo humano sexa algo máis que un agregado de persoas, é a solidariedade. A solidariedade solda aos pobos. A solidariedade nace naturalmente da xente, e desa rede organizativa que compón o que se ten chamado Tercer Sector.

Os galegos séntense orgullosos da ONCE, e o seu Goberno interpreta ese sentimento cun galardón que non soamente está premiando o labor pasado, senón sobre todo o presente e o futuro.

Grazas por tantos anos de servizo.

Grazas por capacitar aos que sempre foron capaces, e por ensinarnos a todos o valor da loita e da constancia. Que o voso espírito non esmoreza nunca; iso será garantía dunha Galicia mellor.

Moitas grazas.